<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. Alfabeto fonético básico.</li> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, padróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	What's on your playlist? (Music)	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extrae con suficiencia as ideas principais e a información relevante de textos ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	80
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpreta con suficiencia o contido e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, sobre todo cando estes tratan temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplica con suficiencia as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir as opinións explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas. Infire con suficiencia significados a partir dos textos.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Redacta con suficiencia (evitando erros na medida do posíbel) textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplica con suficiencia coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresa oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar, argumentar e informar.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participa e colabora, de forma suficientemente activa, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística, a etiqueta dixital e as ideas/opiniós dos interlocutores.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Utiliza con suficiencia estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, comparar e contrastar, resumir, colaborar e debater.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica con suficiencia textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplica con suficiencia estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Compara, de xeito habitual, as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza, de xeito habitual, estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros axentes implicados.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Rexistra e reflexiona, de xeito habitual, sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando estratexias adecuadas para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actúa de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valora criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecúase a ela.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplica estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.</li> <li>- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).</li> <li>- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. Alfabeto fonético básico.</li> <li>- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, padróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, integradora, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da materia de inglés (1LE) pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción, á comunicación e ao dinamismo, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e intereses, e construídos arredor de tarefas fundamentadas na vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; os docentes da materia debemos fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés, sempre na medida do posible e respectando a diversidade que poida existir.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe baseada en xogos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico, crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Finalmente, o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos; e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación, atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia (por exemplo, apuntes ou guías de traballo).
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua (por exemplo, presentacións con exercicios interactivos de vocabulario, debates, concursos ou 'mingle activities').
Manual da editorial (Student's book).
Recursos audiovisuais auténticos (por exemplo, vídeos de YouTube, audios de podcast ou cancións).
Publicacións dixitais sobre temas de actualidade (por exemplo, xornais ou páxinas web de artigos destinados a adolescentes).
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas (por exemplo, incluíndo andamiaxe, exemplos, apoio visual, traballo en parellas ou traballo en grupo).
Plataformas virtuais de aprendizaxe (por exemplo, a AV do instituto).
Aplicacións e xogos online (por exemplo, Kahoot, Plickers, Baamboozle ou Factile).
Material físico extra que poida resultar necesario/eficaz, a consideración do docente (por exemplo, pizarriñas brancas, auriculares, sinais de aula, etc.).
Fichas de traballo, 'worksheets', para que o alumnado practique determinados tipos de exercicio.

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico (físico) e dixital. O deseño dos materiais será inclusivo, co obxectivo de adaptarse á diversidade do alumnado, e responderá a enfoques de tipo comunicativo, comprensivo, visual e lúdico. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas, ou ben a través doutras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza Creative Commons.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún (ou varios) dos seguintes procedementos (a elección do profesorado do curso, mais sempre intentando chegar a un acordo para facela de forma similar):

1. Cuestionarios relacionados con temas de lecer e afeccións, importantes á hora de confeccionar actividades integradoras e interesantes para o alumnado. Tamén cuestionarios enfocados á súa traxectoria escolar, co obxectivo de coñecer cales son os seus puntos fortes e as súas dificultades.
2. Redacción dun texto escrito no que o alumnado escriba sobre algún tema que non entrañe unha grande complexidade, por exemplo unha presentación persoal ou un resumo dunha viaxe vacacional, entre outros.
3. Actividades de repaso de contidos do curso anterior (por exemplo 'Do you remember...?', 'Name some...', un Kahoot, etc.).
4. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo 'Find someone who...', 'Roll the dice and answer a question', 'Would you rather...', 'Meet the teacher', 'Meet your classmates', etc.).
5. Proba de nivel que abrangue diferentes destrezas comunicativas e contidos mínimos de cursos anteriores.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación na materia de inglés (1LE) é continuada e progresiva.

----

O primeiro trimestre terá un peso do 20% na cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% na cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% na cualificación final.

----

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA1.2 + CA1.3): 35%**

Instrumentos de avaliación: cuestionarios de opción múltiple; preguntas de verdadeiro/falso coa correspondente xustificación da resposta; preguntas de completar; preguntas de resposta curta; preguntas relacionadas coa localización de termos, etc.

2. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 10%**

Instrumentos de avaliación: rúbricas de expresión oral.

3. **PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 45%**

Instrumentos de avaliación: preguntas de redacción de texto (con rúbricas de expresión escrita); preguntas de transformación de oracións; preguntas de contextualización de termos; preguntas de elaboración de definicións; etc.

4. **INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 2%**

Instrumentos de avaliación: rúbricas / táboas de valores.

5. **MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 2%**

Instrumentos de avaliación: rúbricas / táboas de valores.

6. **PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 3%**

Instrumentos de avaliación: rúbricas / táboas de valores; cuestionarios de autoavaliación.

7. **INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 3%**

Instrumentos de avaliación: rúbricas / táboas de valores.

----

Existen dous casos posibles co alumnado que aproba durante todo o curso

- Se a nota do terceiro trimestre é a máis alta obtida polo/a alumno/a en todo o curso, tendo en conta o carácter continuado e progresivo da avaliación, esta será a nota final.

- Se a nota do terceiro trimestre fose inferior que outra(s) obtida(s) no curso, a cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres, de acordo co establecido anteriormente (20% - 30% - 50%).

----

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

### Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas de avaliación.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de

recuperar a materia realizando unha proba final que abrangue comprensión oral e escrita e produción escrita, ou ben tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado e as dificultades atopadas ao longo do curso.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA1.2 + CA1.3): 50%

Instrumentos de avaliación: cuestionarios de opción múltiple; preguntas de verdadeiro/falso coa correspondente xustificación da resposta; preguntas de completar; preguntas de resposta curta; preguntas relacionadas coa localización de termos.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 50%

Instrumentos de avaliación: preguntas de redacción de texto (con rúbricas de expresión escrita); preguntas de transformación de oracións; preguntas de contextualización de termos; preguntas de elaboración de definicións; preguntas de corrección de erros; etc.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No 1º curso de bacharelato non existe o procedemento de recuperación de materias pendentes xa que o alumnado está a comezar unha nova etapa. Polo tanto, neste caso, entendemos que non procede (ou non é necesario) especificar unha metodoloxía de recuperación da materia. Si se especificará na programación doutros cursos.

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede na materia de inglés (1LE).

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas xerais de atención á diversidade serán as que se formulan a continuación:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación e andamiage da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo, consolidación e ampliación.
6. Aprendizaxe promovendo a realización de proxectos.
7. Traballo colaborativo con diferentes tipos de agrupamento.
8. Procedementos e instrumentos de avaliación variados, individualizados e ben contextualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Complementación das probas escritas de forma oral, en casos nos que sexa necesario.
11. En caso de alumnado con dislexia, ter en conta esta condición do alumnado e valorar máis outros aspectos (vocabulario, estruturas gramaticais, coherencia...) na produción escrita.
12. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

#### ----- PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de Bacharelato que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.  
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.  
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.  
f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.  
g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X		X			X		X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X		X	X	X		X	
ET.6 - A igualdade de xénero.			X				X	
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde.		X		X				
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.								X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial.					X	X	X	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico.	X			X	X	X	X	
ET.13 - A identidade de xénero e a orientación sexual.							X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X

	UD 9
ET.4 - A competencia dixital.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	
ET.7 - A creatividade.	X
ET.8 - A educación para a saúde.	
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial.	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico.	
ET.13 - A identidade de xénero e a orientación sexual.	

### Observacións:

As unidades integradas de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver actividades contextualizadas e directamente relacionadas coa vida real, polo que na materia de inglés (1LE) se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo do curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital, a creatividade e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as outras son inherentes ao traballo colaborativo e imaxinativo para crear un produto, en ocasións por medio das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico e a identidade de xénero e orientación sexual son elementos tratados puntualmente en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre: charla a través de videoconferencia con unha persoa de fala inglesa e posterior coloquio.	O departamento de inglés organizará unha charla a través de videoconferencia con algunha persoa de fala inglesa.			
2º trimestre: visionado de teatro ou cinema en inglés.	O alumnado terá a oportunidade de visionar unha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común.			
3º trimestre: proxecto de intercambio lingüístico,	O alumnado terá a ocasión de participar nun intercambio lingüístico con alumnado doutros países, a través de vídeos e videoconferencias.			

### Observacións:

As realización de actividades complementarias estará sempre supeditada á existencia da posibilidade de levalas a cabo e á disposición de recursos por parte do centro educativo e das institucións correspondentes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Emprego/Deseño unha temporalización/secuenciación das unidades didácticas de acordo coa programación da materia.
Metodoloxía empregada
Propoño/Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos/ás alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Propoño/Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os/as alumnos/as que o necesiten.
Fomento a animación á lectura e comparto estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos/as alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Emprego/Deseño actividades atendendo á diversidade, ás distintas necesidades detectadas e ós intereses do alumnado.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

### Descrición:

Docentes e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario cos devanditos indicadores, coa fin de avaliar a práctica docente e o proceso de ensino-aprendizaxe.

O grao de consecución será:

- Sempre



- Habitualmente
- Ás veces
- Nunca

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectivos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## 9. Outros apartados

### 1. Actividade para subir nota a final de curso (opcional e a decisión do docente)

Ao longo do curso, o alumnado de 1º de bacharelato participará nunha 'liga' de Kahoots que constará, en principio, de 9 rondas (unha por unidade/bloque, xa que este recurso se empregará para facer repaso de unidades/bloques ao chegar ao final de cada unha delas).

Unha vez rematada a 'liga', os 30 primeiros clasificados recibirán a seguinte bonificación na nota final:

1º - 5º: +0,3

6º - 10º: +0,25

11º - 15º: +0,2

16º - 20º: +0,15

20º - 30º: +0,1

Esta bonificación ten como obxectivo premiar a aquel alumnado que, ben sexa polas súas altas capacidades, ben sexa polo seu esforzo e traballo, destaque á hora de facer a devandita actividade.

Os resultados da 'liga' nunca poderán supór unha baixada de nota.